

Facultade de Enfermaría e Podoloxía



TRABALLO DE FIN DE GRAO EN PODOLOXÍA

Curso académico 2018 /2019

Factores de risco morfolóxicos e funcionais
do pé nas lesións crónicas da marcha atlética

Lidia Bayón García

Director(es):

Francisco Alonso Tajés

María Teresa Seoane Pillado

ÍNDICE

Resumo	4
Abstract	5
Siglas e abreviaturas empregadas neste traballo	6
1. Antecedentes e estado actual do tema	7
2. Xustificación	11
3. Hipóteses	12
4. Obxectivos	13
4.1. Obxectivo principal	13
4.2. Obxectivos secundarios	13
5. Metodoloxía	14
5.1. Tipo de estudo	14
5.2. Poboación de estudo	14
5.3. Ámbito de estudo	14
5.4. Período de estudo	14
5.5. Tamaño da mostra	14
5.6. Criterios de inclusión e exclusión	14
5.6.1. Criterios de inclusión	14
5.6.2. Criterios de exclusión	15
5.7. Variables	15
5.8. Materiais	19
5.9. Análise estatística dos datos	20
5.10. Limitacións do estudo	21
6. Plan de traballo	22
6.1. Medicións e intervencións	22
6.2. Cronograma	22
7. Aspectos éticos	23
8. Plan de difusión dos resultados	24
8.1. Congresos	24
8.2. Revistas	24

8.3. Charlas	24
9. Financiamento da investigación	25
9.1. Recursos necesarios	25
9.2. Posibles fontes de financiamento	25
10. Referencias bibliográficas	26
Anexos	29
Anexo I. Cuestionario para os deportistas	29
Anexo II. Caderno de recollida de datos do investigador	32
Anexo III. Versión española do FPI-6	35
Anexo IV. Folla de información para o participante do estudo	36
Anexo V. Díptico	38
Anexo VI. Consentimento informado do paciente	39
Anexo VII. Compromiso do investigador	40

Resumo

Introdución

A marcha atlética constitúe un tipo especial e atípico de deambulación, con características biomecánicas propias. É unha actividade deportiva en que se realiza un desprazamento paso a paso, no cal cando menos un dos pés debe manter sempre o contacto co chan.

As lesións son moi frecuentes neste deporte. De feito, un 78,8% dos marchadores sofren lesións no membro inferior, delas, un 42,4 % no complexo anatómico nocello-pé, onde a biomecánica anormal da marcha inflúe negativamente. Os factores de risco que se atribúen son varios, aínda que non existe un consenso claro sobre a causa das lesións nos marchadores.

Obxectivo

Este proxecto de investigación ten como obxectivo principal determinar os posibles factores de risco asociados á presenza de lesións crónicas no complexo nocello-pé e vinculados a práctica da marcha atlética.

Como obxectivo secundario, marcámonos establecer a prevalencia de lesións crónicas no complexo nocello-pé, así como a prevalencia de alteracións morfolóxicas ou funcionais do pé.

Metodoloxía

O estudo realizado será de tipo observacional descritivo de prevalencia. Realizarase ao longo de 2019, de xaneiro a decembro, en que se acudirá aos adestramentos e se fará unha selección de mostras por convivencia.

Recolleranse datos sobre os atletas, as lesións e alteracións que presentan no complexo nocello-pé e a morfoloxía do seu pé mediante o FPI-6.

Abstract

Introduction

The racewalking constitutes a special and atypical type of ambulation, with its own biomechanical characteristics. It is a sport activity in which a step by step movement is carried out, in which there is always a constant contact with the floor of at least one of the feet.

The injuries are very frequent in this sport; in fact 78.8% suffer injuries in the lower limb of which 42.4% in the ankle-foot, where the abnormal biomechanics influences negatively. The risk factors that are attributed are several, although there is no clear consensus on the cause of the injuries in the marchers.

Aims

The main objective of this research project is to determine the possible risk factors associated with the presence of chronic injuries in the foot ankle complex linked to the practice of athletic walking.

To determine the prevalence of chronic lesions in the foot ankle complex and to determine the prevalence of morphological or functional alterations of the foot

Methodology

The study carried out is of observational descriptive type of prevalence, which will be carried out between the months of January to December of 2019, in which will go to the descending and make a selection of samples by coexistence.

Data will be collected about the athletes, the lesions and alterations in the ankle-skin complex as well as the morphology of the foot through the IPF6.

Siglas e abreviaturas empregadas neste traballo

Sigla ou abreviatura	Significado
ASA	Articulación subastragalina
CEID-UDC	Comité de Ética de Investigación e a Docencia da Universidade da Coruña
CGTD	Centro Galego de Tecnificación Deportiva
CUP	Clínica universitaria de Podoloxía
FD	Flexión dorsal
FP	Flexión plantar
FPI-6	<i>Foot Posture Index</i>
Ha	Hipótese alternativa
Ho	Hipótese nula
HAV	<i>Hallux abductus valgus</i>
HL	<i>Hallux limitus</i>
HLF	<i>Hallux limitus funcional</i>
IMC	Índice de masa corporal
MM. II.	Membros inferiores
RFEA	Revista do atletismo español
TPA	Articulación tibio-peronea-astragalina
UDC	Universidade da Coruña
XX. OO.	Xogos olímpicos

1. Antecedentes e estado actual do tema

A marcha atlética é unha modalidade do atletismo que xurdiu no Reino Unido no século XVIII. Durante o século XIX foi aumentando a súa popularidade ata chamar a atención do resto de Europa, de tal forma que na actualidade é coñecida en Italia, Francia, Alemaña, Suecia e España. No noso país, a pesar de ser unha gran descoñecida nas probas de atletismo, a marcha conta cunha gran tradición: na tempada de 2017/2018 houbo 15500 deportistas federados.¹

Incluíuse por primeira vez no programa olímpico no ano 1908, cunha categoría masculina en distancias de 3500 m e 10 M (16 km) en pista. Nos XX. OO. do ano 1932 introduciuse a proba de 50 km en ruta, e anos máis tarde incluíuse tamén a distancia de 20 km. As mulleres non tiveron a oportunidade de competir nesta especialidade a nivel mundial ata o ano 1979, en que comezan cunha proba de 5 km. Ata 1992 non se incluíría unha proba de categoría feminina de 10 km, que 2000 pasaría a ser de 20 km. En 2016 as deportistas por fin comezan a competir nas probas de 50 km marcha.²

A marcha atlética é un deporte físico que constitúe un tipo especial e atípico de deambulación, con características biomecánicas propias que esixen unha técnica específica e que produce un importante impacto mecánico nos MM. II., especialmente no pé e no nocello. Cómpre termos presente que o paso da marcha atlética se rexe polas regras de competición impostas, que obrigan os marchadores a modificar a naturalidade da marcha normal e, xa que logo, a someterse a un traballo articular e muscular extraordinario para favorecer a activación da musculatura.

Por este motivo, os sobreesforzos musculares e as lesións tanto no nocello como no pé son habituais nos marchadores, que necesitan un correcto adestramento da forza, a resistencia, a coordinación e a mobilidade articular para conseguir a técnica correcta e manter durante toda a carreira o xesto deportivo.³

Trátase dunha actividade deportiva en que se realiza un desprazamento paso a paso, no cal cando menos un dos pés debe manter sempre o contacto co chan, de xeito que o devandito contacto sexa constante. A perna que avanza comeza tocando o chan co talón, cunha flexión dorsal do nocello e sen flexionar o xeonllo, é dicir, desde o momento do primeiro contacto co chan mantense a perna en extensión ata que se atope en posición vertical, o que comporta unha compensación que ten lugar mediante a inclinación da pelve, debido ás regras de competición.

O peso pasa despois do talón a bóveda plantar, implicando o traballo de numerosos músculos e tendóns da perna e o pé. Deseguida, o peso trasládase á zona do antepé, onde se realiza unha flexión plantar e se despega o pé mediante o primeiro dedo, para conseguir unha maior lonxitude da zancada.^{3,4}

A marcha divídese en dúas fases (véxase a imaxe inferior):

a) Fase unipodal


Nesta fase o movemento da perna de apoio lévase a cabo en tres subfases:

- **tracción**, que se caracteriza por unha boa oscilación pélvica acompañada dun correcto movemento de brazos;
- **sostén**, coa cadeira apoiada na posición máis alta e os brazos e a cadeira contralateral na posición mais baixa;
- **impulso**, en que se acelera e se prepara para a fase de apoio dobre.

A perna libre de apoio, entre tanto, realiza movementos de **ataque** e **oscilación**, co obxectivo de actuar como un péndulo grazas ao movemento da cadeira, á cal axuda o movemento enérxico dos brazos.

b) Fase de dobre apoio

A fase de dobre apoio enlaza a fase de propulsión coa fase de tracción da perna contralateral, en que podemos observar a amplitude do paso dos atletas.^{5,6}



Fases da marcha⁶

A pronación e a supinación da articulación subastragalina son dous factores moi importantes nesta disciplina. A pronación sévelles aos marchadores para se adaptaren ás irregularidades do terreo, mentres que a supinación utilízana co fin de estabilizar o antepé respecto do retropé, para que actúe como panca ríxida no momento da propulsión.⁷

En canto á relación entre o tipo de pé, as lesións e os valores excesivos de pronación e supinación, existe certa controversia:

a) Nun estudo de Rojano, Grao, Rodríguez e Berral⁷ en que se levou a cabo unha análise da pronación e a supinación subastragalinas en tres grupos que marcharon, andaron e correron, respectivamente, obtívose como resultado que non existen diferenzas significativas entre os tipos de pé nin os valores máximos de pronación e supinación entre os tres grupos, malia seren os marchadores os que máis pronan.

Isto pode indicar que a técnica da marcha acentúa a pronación, o que podería aumentar tamén o risco de lesións. No entanto, ao principio deste traballo coméntase que non existe evidencia experimental sobre a relación entre as lesións do membro inferior, o tipo de pé e os valores excesivos de pronación o supinación.

b) Citados por Rojano et al.,⁷ Sbotnick e Sgarlato encontraron que unha maior incidencia de lesións entre as persoas cos pés planos; pero, por outro lado, Cowan, Jones e Robinson indican que existe un aumento das lesións nos deportistas cos pés cavos e altos arcos lonxitudinais.

c) No estudo de Elvira, Vera-García, Meana e García⁸ obsérvase que na marcha atlética o rango de máxima pronación é maior que na marcha común e parecido ao da carreira. Ademais, a pronación vai aumentando a medida que aumenta a velocidade e a fatiga muscular dos marchadores.

d) Pola súa vez, Van Gent *et al.*⁹ atoparon que a incidencia das lesións tamén varía en función do aumento dos días de adestramento, os quecementos e as estiradas. Quecer e estirar diminúe a probabilidade de sufrir unha lesión.

e) De acordo con Garrido,¹⁰ o membro inferior é a rexión que máis se lesiona durante a práctica da marcha. A prevalencia das lesións nos marchadores é alta: de feito, un 78,8% tivo lesións debido á práctica deste deporte, das cales un 42,4% son lesións no complexo nocello-pé.

Na busca bibliográfica que realiza este autor,^{10,11} encontra que as lesións máis frecuentes prodúcense nos isquiotibiais (esgazaduras e sobrecargas), caso en que poden afectar ás costas. A seguinte lesión máis frecuente son as escordaduras laterais do nocello, seguidas da lesión dos xemelgos, a fascite plantar e as burbullas nos talóns e dedos dos pés. Con menor frecuencia aparecen a trocanterite na cadeira, as lesións dos ligamentos cruzados e o tendón patelar no xeonllo, e as lesións do tibial anterior na perna.

En relación cos danos específicos que pode sufrir o pé dos marchadores, hai moi poucos estudos na literatura científica que analicen cal é o predominio das lesións no complexo

anatómico nocello-pé no ámbito desta especialidade do atletismo e cáles son as variables que se asocian a elas, así como una gran dificultade á hora de obter información.

Hai moitos traballos sobre as lesións acontecidas na práctica da carreira, investigacións enfocadas na coordinación na técnica da marcha atlética, estudos en que se destacan o adestramento e o quecemento como factores importantes ou análises cinemáticas do desenvolvemento da marcha atlética en que se compara coa marcha normal ou coa carreira. O máis recente que atopamos é un artigo do ano 1998 que é ademais o único, no que nos chegou a xerar unha mostra que proporcionase unha boa previsión do estado das lesións na base das variables examinadas. Do mesmo xeito, atopamos un traballo do ano 2016 que pon en relación as distintas variables de interese coas lesións, en que non se observa unha relación significativa.

Debido a que a marcha atlética é un deporte olímpico de longas distancias pouco coñecido e con factores de risco implicados nas patoloxías, a falta de criterios e clasificacións fai que se descoñezan a incidencia e a prevalencia das lesións específicas no pé dos marchadores.

Desta maneira xorde a necesidade de realizar un estudo de investigación para valorar cales poden ser os factores de risco na marcha atlética e cal é a prevalencia de lesións crónicas no complexo nocello-pé entre os marchadores. A nosa vontade é levalo a cabo cunha poboación de cincuenta deportistas ou máis que pertenzan a un club de atletismo e adestren, coa finalidade de que os nosos resultados poidan ser comparados cos doutros estudos e poida mellorarse e actualizarse a calidade da información sobre este tema.

Utilizaranse instrumentos de medición para mellorar as medidas das variables (como un pedígrafo) e tamén se valorará a mobilidade da articulación TPA. Tamén nos serviremos de ferramentas validadas de gran precisión como o FPI-6 ou o test da caída do escafoides (Navicular Drop Test), que non son consideradas noutros estudos.

2. Xustificación

Na literatura podemos atopar moitos artigos sobre as lesións que padecen dos corredores, pero, como xa notamos, case non hai traballos sobre outras modalidades do atletismo, como a marcha atlética, talvez por se tratar dunha disciplina deportiva pouco coñecida. En cambio, si se atopou un traballo que relaciona os valores do FPI-6 coas lesións e analiza tres variables distintas que as poden provocar e do mesmo xeito, atopamos un só estudo no que se aclara a relación de diferentes variables examinadas coas lesións pero sen unha boa previsión.

A nosa proposta de investigación xorde tras constatar a escaseza de estudos epidemiolóxicos das lesións nos MM. II. dos marchadores, así como de publicacións que se centren nos factores de risco que afectan ás lesións destes deportistas. O principal obxectivo deste proxecto é, intentar determinar cales son estas lesións e coñecer os factores de risco que as causan, co obxectivo secundario e como aplicabilidade do estudo establecer medidas preventivas.

3. Hipóteses

Hipótese nula (Ho) 1: non existe relación entre o padrón funcional do pé definido polo FPI-6 como diferente, normal ou neutro e o risco de lesión.

Hipótese alternativa (Ha) 1: existe relación entre o padrón funcional do pé definido polo FPI-6 como diferente, normal ou neutro e o risco de lesión.

Hipótese nula (Ho) 2: non existe relación entre a presenza das alteracións morfolóxicas ou funcionais no complexo anatómico nocello-pé incluídas no estudo e o risco de lesión.

Hipótese alternativa (Ha) 2: existe relación entre a presenza das alteracións morfolóxicas ou funcionais no complexo anatómico nocello-pé incluídas no estudo e o risco de lesión.

Hipótese nula (Ho) 3: non existe relación entre factores intrínsecos como a idade, o sexo, o IMC e a incidencia de lesións.

Hipótese alternativa (Ha) 3: existe relación entre factores intrínsecos como a idade, o sexo, o IMC e a incidencia de lesións.

Hipótese nula (Ho) 4: non existe relación entre factores extrínsecos como o tempo de práctica, a técnica, o tipo de calzado, o tipo de superficie, as horas de adestramento e a incidencia de lesións.

Hipóteses alternativa (Ha) 4: existe relación entre factores extrínsecos como o tempo de práctica, a técnica, o tipo de calzado, o tipo de superficie, as horas de adestramento e a incidencia de lesións.

Hipóteses nula (Ho) 5: non existe relación entre as alteracións dérmicas e ungueais do pé coa práctica da marcha atlética.

Hipóteses alternativa (Ha) 5: existe relación entre as alteracións dérmicas e ungueais do pé coa práctica da marcha atlética.

4. Obxectivos

4.1. Obxectivo principal

Este proxecto de investigación ten como obxectivo principal determinar os posibles factores de risco asociados á presenza de lesións crónicas no complexo anatómico nocello-pé na práctica da marcha atlética.

4.2. Obxectivos secundarios

- a) Determinar a prevalencia de lesións crónicas no complexo nocello-pé, así como a prevalencia de alteracións morfolóxicas ou funcionais do pé, nos marchadores.
- b) Determinar se existe relación entre o padrón funcional do pé (FPI-6) e a presenza de lesións crónicas no complexo nocello-pé.
- c) Determinar se existe relación entre a presenza de patoloxías podolóxicas (HAV, HL, nocello equino) e as lesións crónicas no complexo nocello-pé.
- d) Determinar si existe relación entre a presenza de alteracións dérmicas (burbullas) e ungueais (helomas subungueais) coa práctica da marcha atlética.
- e) Analizar os factores de risco que se relacionan coas lesións no complexo nocello-pé.
- f) Determinar se existen diferenzas entre homes e mulleres en relación coas lesións no complexo nocello-pé.

5. Metodoloxía

5.1. Tipo de estudo

Estudo observacional descritivo de prevalencia.

5.2. Poboación de estudo

Convidarase a participar nesta investigación a marchadores moi afeccionados ou menos afeccionados, profesionais ou menos profesionais, cunha idade mínima de 14 anos.

5.3. Ámbito de estudo

O estudo levarase a cabo no Concello de Cuntis, pertencente á provincia de Pontevedra, concretamente no Club Atletismo Cuntis.

5.4. Período de estudo

A investigación levarase a cabo entre ao longo de 2019, entre os meses de xaneiro e decembro, polo que a previsión para a execución deste proxecto é de doce meses. O plan de traballo deseñado recóllese polo miúdo no apartado 8, que contén o noso cronograma.

5.5. Tamaño da mostra

A poboación de estudo estará composta por un mínimo de cincuenta atletas. Este tamaño da mostra permitiranos detectar unha prevalencia de lesións agudas ou crónicas no complexo nocello-pé do 50% en persoas que practican a marcha atlética, cun nivel de seguridade do 95% e unha precisión de $\pm 14\%$.

5.6. Criterios de inclusión e exclusión

5.6.1. Criterios de inclusión

Incluiranse no estudo aqueles marchadores que participen de forma voluntaria, asinen o consentimento informado de participación e cumpran os seguintes requisitos:

- a) Ser maior de 14 anos.
- b) Levar mínimo un ano practicando a marcha.
- c) Adestrar durante a temporada 2018/2019.
- d) Adestrar un mínimo de seis horas a semana .
- e) Non practicar outro deporte.

5.6.2. Criterios de exclusión

- a) Persoas que, cumprindo os criterios de inclusión, non dean o seu consentimento para participar no estudo.
- b) Excluíranse do estudo aqueles participantes que presenten calquera doenza que afecte á fiabilidade das probas.

5.7. Variables

Realizarase un cuestionario que deberán responder os pacientes de forma individual para ver o seu perfil xeral **(anexo I)**.

- a) Data de nacemento
- b) Sexo
- c) Nivel de competición
- d) Categoría
- e) Historial de lesións previas diagnosticadas por un profesional sanitario (ademais de recoller as lesións do complexo nocello-pé, tamén recolleamos as de xeonllo e perna, xa que a morfoloxía do pé modifica a posición da perna. Ademais rexistrárase a localización de cada lesión e figurara no Anexo)
- f) Anos que leva practicando esta disciplina
- g) Número de días de adestramento á semana
- h) Número de horas de adestramento o día
- i) Días de descanso a semana
- j) Realización de hábitos deportivos xerais; quecemento, enfriamento e estiramientos
- k) Realización de adestramentos específicos para mellorar a coordinación, a condición física e o traballo específico da técnica
- l) Tipo de calzado na práctica deportiva
- m) Tipo de superficie na práctica deportiva
- n) Realización de outra práctica deportiva
- o) Sufriu algún tipo de lesión na práctica deportiva

Seguidamente, recolleranse variables que permitiran ver cal é o perfil do atleta, para isto elaboramos un caderno que recollerá uns datos, máis unhas medicións de carácter xeral **(anexo II)**:

- a) Peso
- b) Talla (serán medidos con unha báscula con medidor de altura)
- c) IMC

d) Talle habitual do calzado

Así mesmo, a cada participante asignaráselle un código de identificación para garantir a confidencialidade da información obtida e a protección dos seus datos de carácter persoal.

Para poder levar a cabo estas medicións solicitaremos material á Clínica Universitaria de Podoloxía do Hospital Naval de Ferrol e á decana da Facultade de Enfermaría e Podoloxía da Universidade da Coruña.

A continuación sinalamos aqueles aspectos que serán obxecto destas medicións e de que xeito as realizaremos:

a) Tamaño do pé

Tamaño dos dous pés de cada participante, desde o talón ata os dedos, que obteremos cun medidor de pés.

b) Altura do Drop

Altura do Drop nas zapatillas de adestramento, é dicir, diferenza da altura entre o punto mais alto (talón) e o mais baixo (nivel dos metatarsianos) da zapatilla. Para a recollida deste dato, apuntarase marca e modelo do calzado co que se adestra normalmente e buscarase na paxina oficial. Recollerase este dato porque o amortiguamento das zapatillas inflúe no tipo das lesións. De feito, un amortiguamento neutral sería eficaz para reducir as presións plantares nos atletas cos pés cavos, en cambio, un amortiguamento deficiente sería propenso a aparición da fascite¹².

c) Lonxitude MMII (membros inferiores)

Método clínico que permite un cálculo aproximado da diferenza de lonxitude dos membros inferiores. Co paciente en decúbito supino, tómanse uns puntos de referencia e realízase a medición de cada extremidade por medio de unha cinta métrica. Estes puntos solen ser dende a espiña ilíaca antero superior¹³ ou embigo ate o maléolo medial¹³

d) Hallux limitus funcional (HLF)

Test Dananberg. É unha alteración funcional de carácter multifactorial coñecida, definida como unha entidade clínica que se caracteriza po la dificultade que presenta a flexión dorsal en carga a articulación metatarsofalángica do primeiro dedo composta o primeiro metatarsiano e por a falange proximal.

O HLF caracterízase por non alcanzar os 20° de flexión dorsal na cadea cinética cerrada, mentres que en cadea cinética aberta existe unha flexión dorsal de uns 65-75°. Cando esta non alcanza os 65-75° de flexión dorsal en descarga, tratase dun hallux limitus real/estruturado e correspóndese co avance da dexeneración da articulación. Premese

baixo a primeira cabeza metatarsal, para simular o efecto reacción do chan e observase como parece limitación para mobilizar dita articulación^{14,15}

e) Limitación funcional da FD da primeira articulación metatarsal

Comprobarase co test de Jack. Co individuo en bipedestación, sen que colabore muscularmente, exercerase unha FD na primeira deda do pé. Esta proba clínica tamén avalía a eversión da articulación subastragalina, o aumento do arco lonxitudinal interno e a rotación externa da perna. O test considerase correcto (negativo) cando se produce un levantamento do arco plantar mediante a activación do mecanismo de Windlass, e incorrecto (positivo) cando o arco do pé non se eleva¹⁶.

f) Integridade ligamentosa do primeiro radio e peroneo lateral longo

Comprobarase co test de Hinterman. Colocarase o pé en supinación e comprobarase se o primeiro radio se dorsiflexiona ou queda fixo no chan. Se o primeiro radio se dorsiflexiona, o test é positivo e concorda cunha lesión do tendón do tibial posterior, compatible cunha disfunción deste¹⁷.

g) Mobilidade da TPA: limitación da FD da TPA

Comprobaranse co test de Lunge. Dependendo do rango de movemento desta articulación, podemos falar de:

- **nocello equino funcional**, se a FD é inferior a 10° pero alcanza os 90° pé-perna e o talón contacta co chan durante a marcha.
- **nocello equino estrutural**, se a FD non alcanza os 90° pé-perna e a TPA se encontra en FP e o talón no contacta co chan¹⁸.

h) Arco lonxitudinal interno

O test da caída do escafoides (Navicular Drop Test), cun alto nivel de fiabilidade, empregarase para avaliar a función do arco lonxitudinal interno e examinar os participantes con lesións por sobreuso. Este arco ten importancia na absorción do choque e a transferencia de enerxía durante a marcha e está relacionado coa lonxitude do pé. Ademais, a súa forma depende da do pé, a estrutura ósea, a estabilidade ligamentosa e a fatiga muscular.

Está demostrado que os corredores tanto con moito arco como con pouco arco teñen máis predisposición a sufrir lesións. Os de arcos baixos sófrenas polo xeral no nocello e no xeonllo, os ósos e os tecidos brandos e mediais.¹⁹

Esta proba úsase como medida clínica da pronación. Pediráselles aos suxeitos que senten, e coa articulación subastragalina en posición neutra, medirase a altura do escafoides desde o chan ata o punto máis distal. A continuación, repetiremos a medida cos suxeitos de pé,

cunha posición relaxada do calcáneo en apoio. Calculárase a diferenza da distancia entre os dous valores e consideráremos patolóxico o resultado maior de 9 mm.²⁰

i) Morfoloxía en estática do pé

Avaliarase co FPI-6, unha ferramenta clínica validada, rápida, fácil e fiable para clasificar a posición do pé en estática (**anexo III**). Emprega seis métodos para establecela baseados na observación e a palpación do pé: palpar a cabeza do astrágalo; inspeccionar as curvas infra e supramaleolares; examinar a posición do calcáneo (grao de varo ou valgo); avaliar a prominencia escafoidea e valorar a abducción do antepé. Outórganselles valores de -2 a 2 segundo a posición en que se encontren²¹.

Tras o exame dos ítems antes mencionados, que se efectuará colocando cada participante sobre un plano elevado para permitir unha boa visión do pé pola nosa parte, sumaranse os valores obtidos para poder clasificar o pé nunha das cinco categorías que poden observarse na seguinte táboa:

Morfoloxía do pé	Puntuacións
Moi supinado	De -12 a -5
Supinado	De -4 a -1
Neutro	De 0 a 5
Pronado	De 6 a 9
Moi pronado	De 10 a 12

Táboa I. Interpretación do resultado final do FPI

j) Valoración muscular

Comprobarase coa escala Kendall. Consiste en unha técnica manual para valorara os movementos dos músculos individualmente, e o grado que represente o rendemento de todos os músculos participantes no movemento executado. Anotase en forma de puntuación numérica, variable entre cero (0), que indica ausencia de actividade e cinco (5), que corresponde a mellor resposta posible, é a escala usada con mais frecuencia. Cada puntuación numérica emparellase con unha palabra que describe o resultado da proba en termino cualitativos²², como se pode observar na seguinte táboa:

Puntuación numérica	Puntuación cualitativa
5	Normal (N)
4	Bo (B)
3	Aceptable (A)
2	Deficiente (D)
1	Vestixio (V)
0	Nulo (ausencia de actividade) (0)

Táboa II. Escala Kendall

k) Tipo de pegada

Cun pedígrafo, recolleremos a pisada plantar de ambos os pés de cada participante, tanto estática como en dinámica, e interpretarémosla como plana, cava o normal.

l) Alteracións dérmicas

Marcaremos cun x na folla de exploración se os participantes presentan algunha alteración dérmica (hiperqueratoses, helomas, papilomas, burbullas ou patoloxía infecciosa) en calquera dos pés.

m) Alteracións ungueais

Marcaremos cun x na folla de exploración se os participantes presentan algunha onicopatía (onicodistrofia, onicolise) ou hematomas subungueais.

n) Alteracións estruturais

Marcaremos cun x na folla de exploración se os participantes presentan algunha alteración estrutural (HV, dedos en garra, 1º radio PF/PD, dedos en varo).

Ningunha das medicións suporá ningún risco para a saúde ou a integridade das persoas participantes, xa que trata de probas non invasivas nin lesivas.

5.8. Materiais

a) Pedígrafo: para analizar o tipo de pegada tanto de forma estática como en dinámica.

- b) Báscula-medidor de altura: medida do talle e o peso.
- c) Medidor de pé: medición da lonxitude do pé.
- d) Cuestionario e modelo de recollida de datos desenvolvido especificamente pola investigadora para establecer o perfil deportivo de cada participante, para unha aproximación duns resultados mais factibles para este deporte, xa que os cuestionarios validados non obtiñan a información e as preguntas suficientes e específicas para a valoración.
- e) Goniómetro: para tomar medidas de ángulos (en grados) entre dous obxectos
- f) Cinta métrica: medición da lonxitude dos membros inferiores.

5.9. Análise estatística dos datos

Faremos unha análise descritiva de todas as variables incluídas no estudo. As variables cuantitativas expresaranse como media e desviación típica.(D.T.). As variables cualitativas ou categóricas, pola súa vez, expresaranse como valor absoluto (n) e porcentaxe, coa estimación do 95% de intervalo de confianza (I.C.).

A comparación de medias de acordo coa presenza ou ausencia de lesións agudas ou crónicas no complexo nocello-pé realizarase co T de Student ou o test de Mann-Whitney, segundo proceda tras a comprobación da normalidade co test de Kolgomorov-Smirnov. No caso de que as variables non sigan unha distribución normal aplicarase o test non paramétrico U de Mann Whitney. A asociación de variables cualitativas estimarase por medio do estatístico Chi-cadrado ou o test exacto de Fisher. Finalmente, para determinar a asociación de diferentes variables coa presenza de lesión aplicaranse modelos de regresión loxística.

5.10. Limitacións do estudo

- a) **Nesgo de selección.** Este nesgo deriva de como se obterá a mostra para a realización deste estudo. O principal nesgo de selección virá dado por non poder facer unha selección aleatoria da mostra, xa que por necesidades do deseño do estudo faremos unha selección da mostra por conveniencia
